WIKIPEDIA

Lingua tracia

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **tracio** era unha lingua falada na Antigüidade polos tracios no sueste de Europa. É unha lingua extinta xa que a maioría dos tracios foron helenizados ou romanizados.

Tracio	
Falado en:	na Antigüidade polos tracios nos Balcáns
Rexións:	Balcáns
Extinción:	século V
Familia:	Indoeuropeo **Tracio**
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	-
ISO 639-2:	ine
ISO 639-3:	thx (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=thx)

Índice

Distribución xeográfica

Excluíndo o dacio, cuxo status como unha lingua tracia é discutido[1], o tracio era falado por un gran número de persoas no que hoxe é o sur da Bulgaria, partes da Serbia, Macedonia do Norte, norte da Grecia (especialmente antes da expansión dos antigos macedonios), por toda a Tracia (incluíndo a Turquía europea) e en partes da rexión de Bitinia (noroeste da Turquía asiática).

Incluíndo o dacio/xético, era falado na Romanía, norte da Bulgaria, partes da Serbia, da Moldavia, Ucraína centro-occidental, Hungría oriental e Eslovaquia.

Fontes

Por ser unha lingua extinta con só unhas poucas inscricións, hai pouco coñecemento sobre a lingua tracia, pero coñécense e admítense varias características dela. Algunhas palabras tracias poden atoparse citadas en textos antigos[2].(esta lista exclúe nomes dacios de plantas que aparecen incluídos ás veces):

- ***asa***, palabra besiana para o tusilago.

cf. lituano *asỹs*, "ravo picante", letón *ašas*, "ravo picante, especie de canizo, presa", relacionado ao letón *ašs, ass*, "afiado, agudo", búlgaro antigo *ostrŭ*, "afiado, agudo". búlgaro e macedonio *ostar*, "afiado, agudo". lituano *aštrùs*, "afiado, agudo".

- ***bolinthos***, "touro salvaxe".

búlgaro e macedonio *vol*, "un touro, bisonte", inglés *bull*, "touro".

- ***bria***, "cidade, vila".
- ***brynchos***, "guitarra".

cf. romanés *broancă*, "instrumento de corda", ruso *brenčat'*, "tocar un instrumento de corda", polaco *brzek*, "toque, marcar, tocar", búlgaro e macedonio *brumchi*, "un son tocando".

- ***brytos, bryton, brutos, bryttion***, "un tipo de cervexa feita de cebada".

cf, inglés *broth*, "sopa de carne, caldo", galés *brwd* "mestura", latín *defrutum*, "mosto cocido", grego *apéphrysen*, "ferver, fervura", eslavo *vriti*, "ferver, fervura", *vrutok*, "auga fervendo", sánscrito *bhurati*, "el treme", albanés *brumë*, "masa de fariña".

- ***dinupula, *sinupyla***, "cabaza salvaxe".

cf. búlgaro e macedonio *dinya*, "unha sandía", lituano *šúnobuolas*, "cabaza salvaxe", albanés *thënukël*, "sangomiño".

- ***genton***, "carne".
- ***kalamindar***, "plátano".
- ***kemos***, "un tipo de froita con folículos".
- ***ktistai***, "tracios vivindo en celibato, monxes".
- ***mendruta***, un nome mesio para a beterraba ou alternativamente a designación do *Veratrum nigrum*.
- ***rhomphaia***, "unha lanza", despois testemúñase o significado "espada".

cf. macedonio *rofia*, "un raio", "a espada de Deus", búlgaro *roféya*, *rufia*, "un raio", albanés *rrufë*, "un raio".

- ***skalme***, "un coitelo, unha espada".
- ***skarke***, "unha moeda".
- ***spinos***, "unha pedra que queima cando se derrama auga sobre ela".
- ***torelle***, "un lamento, unha canción fúnebre".
- ***zalmos, zelmis***, "un esconderixo, pel".

cf. alemán *Helm*, "casco", lituano *šálmas*, "casco", prusiano antigo *salmis*, "casco", eslavo antigo *šlĕmŭ*, "envoltorio, tampa", sánscrito *śárman*, "envoltorio, tampa".

- ***zeira, zira***, "un tipo de gabán (roupa)".
- ***zelas***, "viño".

ruso *zelye*, "unha mistura fermentada".

- ***zetraia***, "un bote".

grego *khytra (χύτρα)*, "bote".

- ***zibythides***, "o nobre tracio, homes e mulleres".

  lituano *zhibut*, "fogo, luz", macedonio e serbio *shibytsa*, "unha vara brillante", búlgaro e macedonio *shibam*, "bater, golpear, azoutar, fustrigar".

Alén diso, hai moitas palabras e probábeis palabras extraídas de antropónimos, topónimos, hidrónimos, orónimos e outros elementos léxicos encontrados en fontes antigas e bizantinas:

- ***-disza, -diza, -dizos***, "unha poboación fortificada".

  cf. eslavo *zidati, sozidati, (po)dizati*, "construír".

- ***-para, -pera, -paron***, etc, "unha cidade".

Varias probábeis palabras tracias atópanse en inscricións (a maioría delas escritas co alfabeto grego) en edificios, moedas e outros artefactos (ver inscricións abaixo).

Outra fonte do vocabulario tracio son palabras de etimoloxía descoñecida ou contestada encontradas en búlgaro e en macedonio así como no romanés. O albanés é ás veces considerado como descendente do dacio ou do tracio, ou como descendente do ilirio mesturado co daco-tracio. Así, o léxico albanés é outra fonte.

Tamén se propoñen palabras tracias no léxico do grego antigo. Elementos léxicos gregos pode ser que deriven do tracio como, por exemplo, *balios*, "manchado, colorido", do PIE **bhel-*, "brillar". Julius Pokorny tamén cita o ilirio como unha posíbel fonte para *bounos*, "outeiro, monte".

Inscricións

Só se atoparon catro inscricións tracias. Unha está nun anel de ouro encontrado en 1912 na cidade de Ezerovo, en Bulgaria. O anel foi datado no século -V. No anel hai unha inscrición escrita co alfabeto grego que di:

> ΡΟΛΙΣΤΕΝΕΑΣΝ / ΕΡΕΝΕΑΤΙΛ / ΤΕΑΝΗΣΚΟΑ / ΡΑΖΕΑΔΟΜ / ΕΑΝΤΙΛΕΖΥ / ΠΤΑΜΙΗΕ / ΡΑΖ / ΗΛΤΑ
> **rolisteneasn / ereneatil / teanēskoa / razeadom / eantilezu / ptamiēe / raz / ēlta**

O significado da inscrición é descoñecido e non se parece a ningunha lingua coñecida. Estudosos de tracio como Georgiev e Dechev propuxeron varias traducións para a inscrición, pero son só conxecturas.

Unha segunda inscrición foi encontrada en 1965 preto da vila de Kyolmen, na provincia de Shumen, datada do século -VI. Consiste en 56 letras do alfabeto grego, probabelmente un epitafio tumulario semellante aos frixios:

> ΕΒΑΡ. ΖΕΣΑΣΝ ΗΝΕΤΕΣΑ ΙΓΕΚ.Α / ΝΒΛΑΒΑΗΕΓΝ / ΝΥΑΣΝΛΕΤΕΔΝΥΕΔΝΕΙΝΔΑΚΑΤΡ.Σ
> **ebar. zesasn ēnetesa igek.a / nblabaēgn / nuasnletednuedneindakatr.s**

Unha terceira inscrición está novamente nun anel, encontrado en Duvanli, na provincia de Plovdiv, preto da man esquerda dun esqueleto. Data do século -V. O anel ten a imaxe dun cabaleiro coa inscrición envolvendo a imaxe. Está apenas parcialmente lexíbel:

> ΗΖΙΗ..... ΔΕΛΕ / ΜΕΖΗΝΑΙ
> **ēziē..... dele / mezēnai**

MEZHNAI probabelmente corresponde a Menzana, o "cabalo deus" mesapio, a quen se sacrificaban cabalos, comparábel tamén ao albanés *mes*, *mezi* e ao romanés *mânz*, "poldro", derivado do PIE **mend(i)*-, "cabalo".

Estas son as maiores inscricións preservadas. As restantes son na maioría palabras illadas ou nomes en vasillas e outros artefactos. Alén diso, elementos léxicos tracios atopáronse en inscricións en grego e en latín.

Nunha inscrición latina de Roma que trata dun cidadán da provincia romana de Tracia, encóntrase a frase *Midne potelense*. Isto é interpretado como a indicación do lugar tracio de orixe, *Midne* sendo visto como o equivalente tracio do latín vico "vila". Se isto fose correcto, a palabra tracia ten un cognato próximo en letón (*mitne*, "unha residencia"), unha lingua báltica. Podería ser asociada tamén co termo búlgaro para "lugar de residencia", *mitnitsa*.

Extinción

A maioría dos tracios foron finalmente helenizados (na provincia da Tracia) ou romanizados (na Moesia, Dacia etc.), cos últimos remanentes sobrevivindo en áreas remotas ata o século V[3].

Notas

1. Isto confírmase entre outros por Benjamin W. Fortson no seu *Indo-European Language and Culture* (*Lingua e Cultura Indoeuropeas*), cando afirma que "todas as tentativas para relacionar o tracio ao frixio, ilirio, ou dacio... son... puramente especulativas" (p. 90)
2. Duridanov, Ivan. "The Language of the Thracians".
3. R. J. Crampton (1997). *A Concise History of Bulgaria*. *Cambridge University Press*. pp. p. 4. ISBN 0-521-56719-X.

Véxase tamén

Bibliografía

- I. I. Russu, *Limba Traco-Dacilor* / *Die Sprache der Thrako-Daker*, Bucarest (1967, 1969)
- V.I. Georgiev, *Introduction to the History of the Indo-European Languages*, Sofia (1981).
- V.I. Georgiev, *The Genesis of the Balkan Peoples*, in: The Slavonic and East European Review, Vol. 44, No. 103 (Jul., 1966) *Paul Kretschmer, "Glotta", in: Zeitschrift für griechische und lateinische Sprache 7 (1915).
- J.H. Holst, "Armenische Studien", Wiesbaden (2009).

Outros artigos

- Lingua grega.
- Lingua dacia.
- Linguas ilirias.
- Lingua frixia.
- Lingua macedonia antiga.

Ligazóns externas

En inglés:

- The Language of the Thracians (http://members.tripod.com/~Groznijat/thrac/index.html), an English translation of Ivan Duridanov's 1975 essay *Ezikyt na trakite*
- Glosario Tracio (http://www.wordgumbo.com/ie/cmp/thra.htm)

Este artigo sobre lingüística é, polo de agora, só un bosquexo. Traballa nel (https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Lingua_tracia&action=edit) para axudar a contribuír a que a Galipedia mellore e medre.
Existen igualmente outros artigos relacionados con este tema nos que tamén podes contribuír.
